

MODIFICACIÓNS E NOVA ORGANIZACIÓN DOS MATERIAIS

Realizouse tamén unha reestructuración dos materiais do alumno, así como cambios organizativos para poder sacarlle o máximo proveito a estos.

CORRECCIÓN EXAMES E TAREFAS

Establecéronse unhas pautas de corrección nos Word, que serían engadir a corrección ao alumno noutra cor sen eliminar a súa produción inicial.

TRANSCRIPCIÓN DE TEXTOS, PDF CREATOR E LIBROS DIXITAIS.

Facilitouse o acceso aos materiais de clase adaptándollos de tres xeitos diferentes. Transcribindo os exercicios ou exames a word, para que el puidese continuar a tarefa de xeito aberto, con PDF creator para encher ocos, e tamén o acceso aos libros dixitais.

Tamén se comezou a empregar Edixgal xa que a súa interfaz é a máis axeitada para un alumno destas características.

RUTAS DE ACCESO DO GRID 3 AOS ARQUIVOS.

Crearóense carpetas dentro da tablet do alumno cos diferentes documentos ou power points. Separáronse por asignaturas, e despois en subcarpetas de traballo, estudio e tarefas. É fundamental ter unha boa organización, tanto para que o alumno atope e garde as cousas con facilidade, como tamén para empregar o Balabolka, xa que os arquivos que se enlacen a este programa non se poden cambiar despois de sitio.

Conta EDIXGAL - Acceso EVA

Como se reflexou anteriormente, Edixgal é unha das plataformas que mellor se adapta a este alumno, polo que se comezou unha iniciación a Edixgal, creándolle unha conta.